

Letras Galegas 2011

"Lois Pereiro"

O porqué do Día das Letras Galegas.

20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega (Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego) presentan nesta institución unha proposta histórica: Que se declarase o día 17 de maio de cada ano "Días das Letras Galegas" como data para "recolle-lo latexo material da actividade intelectual galega" e tiña que ser "con motivo de se celebrar aquel ano o centenario da publicación dos CANTARES GALLEGOS de Rosalía de Castro", a Academia debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual.

Estimaban que o libro rosaliano editado en 1863 "foi a primeira obra maestra coa que contou a literatura galega contemporánea" e que "a súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria", concluindo que representa "un fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia".

Propuñase o día 17 de maio, ó ignorarse a data da publicación do libro, por ser nese día cando Rosalía de Castro llo adicou á tamén poeta Fernán Caballero.



Francisco Fernández del Riego (da Real Academia Galega), lembra aquel momento histórico: "Fixen un escrito que asinaron comigo don Manuel Gómez Román e don Xesús Ferro Couselo, e sometémolo á aprobación da Real Academia Galega. A Academia aprobouno por unanimidade, e cursou a pretensión á autoridade competente".

E naquel momento foi instituída como festa anual do Día das Letras Galegas o 17 de maio. Escolleuse esta data porque CANTARES GALLEGOS foi o primeiro libro galego que tivo unha significación universal.

Texto extraído do libro "Os señores da palabra" Ed. Ophiusa. Lugo. 1993



Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro"
Centro Cultural "As Torres"
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Sta. Cruz – 15179 Liáns
Teléfono: 981 62 63 38
biblioteca.santacruz@oleiros.org
Catálogo bibliográfico :
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>
O noso blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com

Letras Galegas 2011

"Lois Pereiro"

Monforte de Lemos, 1958 – A Coruña, 1996



Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller "Rosalía de Castro"



Letras Galegas 2011

"Lois Pereiro"

Poeta, xornalista

A imaxe de Lois Pereiro é reflexo da súa actitude fronte a vida: esgazada, crúa e espida coma os seus versos. Estes elementos determinaron o mito marxinal e cosmopolita que o poeta personifica. A autodestrución, a desolación, a morte, son os temas predominantes na súa poesía.

Lois Pereiro nace en Monforte en 1958. Realiza estudos de tradución en Madrid, cidade á que marcharía co seu irmán Xosé Manuel con só dezasete anos. Alí mantense economicamente vertendo ao castelán filmes e series para a televisión.

Pero en Madrid vai estar vencellado, por amizade e por proxectos comúns, ao grupo que formaba con Manolo Rivas, Antón Patiño ou Xavier Seoane. Co esforzo de todos, naceron as publicacións, *Loia* ou *Luces de Galiza*.

Porén, os riscos asumidos na vida madrileña de principios dos oitenta fixeron que Lois determinase o seu regreso á Coruña, onde se manteñen os nexos con aqueles que constituían o grupo de Madrid, de novo aquí, vivirá fundamentalmente do xornalismo. Iso si, no eido poético participa na publicación colectiva *De amor e desamor* e integrárase, durante 1984 e 1985, no colectivo de mesmo nome. Este feito permite que o público comece a coñecer a súa obra e a valore con compracencia.

Gaña o Concurso Nacional de Poesía O Facho: todas as súas creacións poéticas, espalladas en antoloxías ou publicacións colectivas, reúnen en

Poemas, 1981/1991, en 1992.



O seu primeiro libro publicado reflicte xa unha tendencia etiquetada como punk, moi presente na súa vida. As razóns para esta clasificación son: unha actitude certamente existencialista, de

sarcasmo esmagador e corrosivo, un xogo de chiscadelas á autodestrución e á morte. En 1995 aparece a *Poesía última de amor e enfermidade*. Con só dous libros publicados xa define un estilo literario curto e tenso, de economía expresiva: non se excede en recursos formais, emprega o establecemento dicotómico de realidades elementais (amor/desamor, vida/morte). Neste derradeiro libro atópase un novo xeito de entender a existencia: para aprehendela en profundidade é necesario ter conciencia da morte. Isto pode ter unha interpretación vitalista que encaixaría coa rixida etiqueta de poeta maldito, ao entender que esta postura fronte á vida nace da súa propia experiencia, que se mergulla na liña que a separa da morte.

Lois Pereiro morre pouco despois, en 1996. Nese ano do seu finamento, o seu irmán, Xosé Manuel, fai que saia á luz *Poemas para unha Loia*, constituído a partir de composicións da época madrileña, xa publicadas na revista *Loia*, e dun ensaio: "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia". Nel expón moitas das súas ideas e convicións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos dos que bebe.

Ademais, deixou oito capítulos dunha novela inacabada, *Náufragos do paradiso*, publicados naquela revista que fora dirixida por Manolo Rivas, *Luces de Galiza*.

Lois Pereiro tamén lle puxera letras ás melodías do grupo punk Radio Océano, que o seu irmán lideraba.



O esforzo de Lois estivo canalizado cara á contracultura, na que militaba con vehemencia. E así, as súas verbas tamén se debuxan en fancines ou en escollidos guións. Esta condición de *outsider* provoca a reticencia dos académicos á hora de dedicarlle o Día das Letras Galegas, pasados xa máis de dez anos da súa morte, a pesar de que a súa obra é cada vez máis valorada polos lectores e máis considerada pola crítica.

BIBLIOGRAFÍA

Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995. Santiago de Compostela, Positivas, 2010.

Poesía completa. Vigo, Xerais, 2011.

Poemas para unha loia. A Coruña. Espiral Maior, 1997

Poemas 1981/1991. Santiago de Compostela, Positivas, 1992

Conversa ultramarina. Santiago de Compostela, Positivas. 2010

PARA SABER MÁIS:

- Pereiro, Xosé Manuel "Lois Pereiro: Fotobiografía sonora" Ed. Ouvirmos. Contén 2 Cd's de audio.
- Calveiro, Marcos "Lois Pereiro: naufrago do paraíso: biografía e antoloxía" Ed. Xerais
- Patiño, Antón "Lois Pereiro: Radiografía do abismo" Ed. Espiral Maior
- Vilavedra, Dolores "Historia da literatura galega" Ed. Galaxia
- Diccionario da literatura galega. Ed. Galaxia
- Literatura galega século XX. Ed. A Nosa Terra
- Historia xeral da literatura galega. Ed. A Nosa Terra
- Historia da literatura galega. T.5. Ed. A Nosa Terra